

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 22 de decembro de 2011

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 22/12/2011.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 22/12/2011.
- III. Memoria do Plan de Acción Titorial.
- IV. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.
- V. Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente.
- VI. Proposta elevada pola Comisión Académica do Máster Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio cultural Inmóbel sobre o recoñecemento de créditos por prácticas en empresas.
- VII. Solicitudes de informe de actividade docente.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 35 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2011 e extraordinaria celebrada o 28 de outubro de 2011.

A Xunta de Escola aproba por asentimento actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2011 e extraordinaria celebrada o 28 de outubro de 2011.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- ❖ Constitución da nova Xunta de Escola. Dase a benvida a todos os novos membros de Xunta de Escola.
- ❖ Durante o ano 2012 a titulación cumprirá o seu XX aniversario na Universidade de Vigo e no SUG, polo que a dirección promoverá unha serie de accións con este motivo. E que por outra banda contribúan a aumentar a visibilidade do Centro, a primeira acción será colocar unha lona na fachada da Escola indicando este aniversario.
- ❖ Concurso Mundo Mineiro: a escola cofinanciou os premios, a cartelería, a impresión de 350 libros coas fotos participantes e a nova exposición do vestíbulo.

- ❖ **Semana da Ciencia:** do 7 ao 11 de novembro 31 centros e uns 1100 estudantes de ESO e Bacharelato visitaron o noso centro. Agradécese a colaboración dos colexios, do IGME e do profesorado, alumnos e PAS.

- ❖ **Olimpiada de Xeoloxía.**

Xa está en marcha a III Olimpiada de Xeoloxía, convocada un ano máis polo Ilustre Colexio de Xeólogos, a Sociedade Xeolóxica Española e a AEPECT (Asociación Española para o Ensino das Ciencias da Terra).

O patrocinio e desenvolvemento da fase galega estará a cargo da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo, en colaboración coa AEPECT. Máis de 100 alumnos e alumnas de ESO y Bacharelato de toda Galicia participarán nas probas, que terán lugar o martes 14 de febreiro nas instalacións da E.T.S.E. de Minas.

Esperamos que a edición deste ano alcance o nivel do pasado ano, no que os 4 representantes galegos quedaron entre os 15 mellores de España, chegando unha das nosas alumnas a participar na fase internacional.

- ❖ **María Araújo**, responsable da Escola para as labores de divulgación toma a palabra para expoñer as distintas actuacións levadas a cabo:

CURSO 2010-2011

Tentouse non solapar as charlas nos institutos coas visitas recibidas a través da Semana da Ciencia 2010-11 (23 centros educativos).

A maiores, visitaron a Escola 10 institutos de Vigo e comarca (case sempre a través do SIOPE (Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudante). Se lles impartiu unha pequena charla na aula de grao e visitaron dous laboratorios.

Distintos profesores impartiron charlas sobre os graos en 12 institutos.

Participouse tamén en distintas xornadas de orientación para os estudantes, concretamente en:

- Xornadas de Orientación Académica e profesional do Morrazo (Concellos de Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa)
- XIX Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional en A Coruña

Montouse a exposición itinerante sobre recursos enerxéticos e mineiros en 12 institutos, y durante a celebración das Xornadas en A Coruña e Cangas.

Creouse un perfil de Facebook, GEMA MINAS, que actualmente tiene 127 amigos conformados principalmente por alumnos y antigos alumnos de Minas.

Inicialmente creouse un grupo chamado "Yo también puedo sacar una ingeniería en cuatro años", que non tivo el éxito esperado, polo que se optou por potenciar o perfil persoal de Gema Minas.

CURSO 2011-2012

Tentarase de novo non solapar as charlas en institutos coas visitas recibidas a través da Semana da Ciencia 2011-12 (31 centros educativos).

No que vai de curso visitaron a escola, a maiores, 2 institutos con alumnos de bacharelato.

Estase a xestionar a nosa participación nas II Xornadas de Orientación Académica e Profesional do Morrazo (Concellos de Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa).

Impartíronse charlas sobre os graos en 3 institutos, impartíndose nun deles unha conferencia máis centrada en enerxías renovables a pedimento do propio centro. Enrique Granada foi o encargado desta última charla.

Tomouse a iniciativa de enviar unha carta a todos os institutos da provincia de Pontevedra ofrecendo a posibilidade de albergar a exposición itinerante, cunha gran acollida, téndose cuberto nun período de dúas semanas todo o calendario para este curso. A exposición montarase en 23 centros educativos da provincia, e se duplicará para dar cabida ás restantes solicitudes (+10 institutos).

Logo do Nadal, se enviará un listado cunha serie de institutos asignados por profesor, para levar a cabo charlas sobre os graos impartidos no centro.

- ❖ Instaláronse enchufes laterais nas aulas 3-4-5-6-7, esto permite o uso da aula con ordenadores portátiles. Existen 5 regletas eléctricas con cable de 5 metros na conserxería.
- ❖ Iníciáanse hoxe as obras de climatización do módulo de despachos, de forma simultánea para as dúas plantas. As obras consistirán na instalación de ventilación forzada para a renovación do aire, de forma que captará o aire das zonas máis frescas do edificio en horario nocturno. En paralelo executarase a preinstalación dun sistema de climatización, en previsión de que o sistema de ventilación forzada non sexa suficiente.
- ❖ Contratos programa: No Consello de Goberno do día 21/12/11 foi aprobada a **NORMATIVA POLA QUE SE REGULAN OS CONTRATOS – PROGRAMA COAS ESCOLAS E FACULTADES DA UNIVERSIDADE DE VIGO**. Xustifícase este modelo baseado en:
 - A Xunta pasa a financiar as Universidades en base a INDICADORES.
 - En moitas administracións públicas estase a poñer en práctica este modelo.
 - Imponse o sistema de rankings baseado en indicadores, entre as Universidades españolas, está próximo a publicar este dentro do ámbito español e promovido pola CRUE.

Os subministros docentes básicos para el funcionamento dos Centros queda fora destes C-P, o que supón aproximadamente a metade dos orzamentos anuais. Pero o resto de fondos pasarán a estar condicionados aos C-P.

Prevese que os orzamentos dos Centros, que superen ou se atopen por baixo duns determinados umbrais, poidan sufrir incrementos ou pérdidas que no deberían superar o 20% del orzamento dun C-P dun Centro. O umbral mínimo para manterse estímase sobre o 83% dos obxectivos marcados.

OBXECTIVO	REPARTO	
Docencia	25%	
Investigación	30%	
Transferencia	15%	
Adaptación a outras demandas sociais		15%
Proxección internacional	10%	
Xestión	5%	
Total contrato programa		100%

INDICADOR	EQUIVALENCIA
DOCENCIA	25%
Cualificación do PDI	ISUG 03
Taxa de graduación n+1	ISUG 04, CRUE 8
Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do prof.	VAD I1C
Xestión e control da actividade docente	VAD I2C
Participación do centro en plans de mellora e innov docente	VAD I3C
INVESTIGACIÓN	30%
Producción científica	ISUG 06, CRUE 12
Programas de doutoramento con mención de calidade	ISUG 07
Resultados de investigación de carácter académico. Sexenios	ISUG 08, CRUE 15
Ingresos de investigación por proxectos competitivos	ISUG 09
Teses de doutoramento	CRUE 23
TRANSFERENCIA	15%
Resultados de investigación. Patentes en explotación	ISUG 10, CRUE 24
Ingresos por transferencia	ISUG 11, CRUE 21
Creación de spin off	FE
Proxectos Cenit e PID	FE
ADAPTACIÓN A OUTRAS DEMANDAS SOCIAIS	15%
Estudantes matriculados na súa opción preferida	ISUG 01
Acción social (participación en voluntariado)	ISUG 14
PROXECCIÓN INTERNACIONAL	10%
Alumnos de intercambio	ISUG 12, CRUE 06
Nº de meses de estancia en universidades estranxeiras	ISUG 13
XESTIÓN	5%
Certificación de implantación de calidade na xestión	ISUG 17
% de PAS en programas de formación	ISUG 16

As consecuencias son evidentes para todo o PDI, xa que estes criterios (os que son individualizables) deberán trasladarse ás asignacións orzamentarias que cada un recibimos, e que ata a data se realizaban baixo outros criterios diferentes.

3. Ratificación, se procede, dos cambios de horarios aprobados na Comisión Permanente celebrada o 24 de outubro do 2011.

A Xunta de Escola ratifica e aproba por asentimento as modificacións de horarios aprobados na Comisión Permanente celebrada o 24 de outubro de 2011 e que afecta as materias: "*Tecnoloxía dos materiais*" (de 2º curso do Grao de Enxeñaría da Enerxía e de 2º curso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos) e "*Producción e loxística*" (de 5º curso da titulación de Enxeñaría de Minas).

4. Aprobación, se procede, da proposta de distribución porcentual entre os departamentos das horas de carga docente básica (CDB) correspondentes a cada un dos graos impartidos na E.T.S.E. de Minas.

Tras una exposición dos precedentes que conducen á solicitude, por parte da reitoría, da distribución porcentual entre departamentos da Carga Docente Básica dos dous títulos de grao implantados na E.T.S.E. de Minas, a Xunta de Escola acorda por asentimento adoptar as seguintes consideracións:

1. Que os parámetros e indicadores empregados no cálculo da carga docente básica (CDB) deben ter en conta as especificidades das titulacións de enxeñaría, tal e como xa se fai noutras convocatorias.
2. Que os valores da CDB enviados pola Vicerreitoría resultan moi inferiores aos necesarios para unha adecuada impartición dos graos desta Escola.
3. Ter en conta a postura manifestada polos departamentos con docencia nesta Escola ao respecto da súa oposición a normativa aprobada para o cómputo do CDB, aprobada no Consello de goberno do 14 de novembro de 2011.
4. A existencia dun grao (Grao en Enxeñaría da Enerxía) compartido coa Escola de Enxeñaría Industrial, obrigaría a presentar esta información de común acordo con dito centro.

Por todo isto, a Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas declara que a distribución entre departamentos da CDB asignada ao Centro segundo os novos cálculos é imposible nesta situación.

En consecuencia, a Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas, aproba por asentimento:

1. Manifestar o seu total desacordo coa normativa para o cómputo da CDB antes citada e solicitar a adaptación dos parámetros e indicadores utilizados á realidade das titulacións de Enxeñaría.
2. Aprazar temporalmente a distribución porcentual entre os departamentos das horas da CDB.

5. Plan de acción tutorial.

Cédeselle a palabra a Angeles Saavedra como coordinadora do Plan de Acción tutorial (PAT) do centro:

Dentro do modelo educativo do Espazo Europeo de Educación Superior establécense uns obxectivos que non son exclusivamente académicos. Algúns destes obxectivos, como a atención á diversidade ou a orientación na aprendizaxe trátanse a través do PAT. Hai varias actividades previstas dentro do PAT. Algunhas xa se realizaron, como o acto de presentación para os alumnos de novo ingreso. Outras realizaranse ao longo de todo o curso, como son as titorías, que forman o groso das actividades incluídas no PAT. Na organización do PAT están implicados o equipo directivo da Escola, dúas coordinadoras (Carmen Pérez, como coordinadora dos alumnos de segundo curso dos graos e Ángeles Saavedra como coordinadora dos alumnos de primeiro curso dos graos) e un total de doce profesores-titores que son os que realizan as titorías e o seguimento dos alumnos.

- Os profesores-titores de primeiro curso son: Elena Alonso, Lino Álvarez, Natalia Caparrini, Elena González, José Benito Vázquez y Javier Vijande.
- Os profesores-titores de segundo curso son: Pedro Arias, Marta Cabeza, Belén Díaz, Enrique Granada, Rubén López-Cancelos y Teresa Rivas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria na que se recollen as actividades do PAT previstas para este curso académico.

Achégase como anexo III desta acta a memoria do PAT aprobada.

6. Ratificación, se procede, dos acordos da Comisión de Garantía de Calidade celebrada o 28 de novembro de 2011.

O Sistema Interno de Garantía de Calidade (SIGC) consta de 26+1 procedementos ESTRATEXICOS, CLAVE e APOIO e PAM. Afecta a todos os títulos aínda que non se implementa no plano a extinguir.

Durante o ano 2011 realizáronse dúas reunións presenciais da Comisión do SIGC e varias virtuais. Neste momento o curso 2010/11 xa está actualizado e se están introducindo evidencias do curso 2011/12.

Un dos procedementos é o PAM, que mantén actualizado e vivo o resto de procedementos. Por outra banda están os informes de seguimento dos títulos (so títulos de grao e master Bolonia), tras un estudo da situación do título establécense suxestións que deben de estar de acordo co PAM.

Na última reunión da Comisión do SIGC aprobáronse as evidencias IT01-04/PM01.

O IT01 é o informe de resultados anuais que na súa nova versión xa inclúe as evidencias IT02 e IT03.

O IT04 é a proposta de melloras para o ano 2012, onde basicamente, ademais do seguimento de evidencias do ano 2012, trataremos de definir novos indicadores de medición e aumentar a participación en enquisas de satisfacción.

Apróbase por asentimento os acordos acadados pola Comisión de Garantía de Calidade na súa reunión celebrada o 28 de novembro de 2011, que se achegan como anexo IV a esta acta.

7. Aprobación, se procede, da modificación puntual do Regulamento de Réxime Interno da E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a seguinte modificación puntual do Regulamento de Réxime Interno da E.T.S.E. de Minas, de tal xeito que o artigo 22 queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 22.

1. A Comisión Permanente estará integrada por trece membros:

- a) O director ou persoa en quen delegue.*
- b) O secretario da escola.*
- c) Un subdirector da escola.*
- d) **Dous profesores dos Graos impartidos na Escola.***
- e) Un profesor de Intensificación Ambiental e Mineira.*
- f) Un profesor de Intensificación de Enerxía.*
- g) Un profesor de Intensificación de Materiais.*
- h) Catro alumnos.*
- i) Un membro do persoal de administración.*

8. Renovación, se procede, da Comisión Permanente.

Rematado o prazo de presentación de candidaturas (achéganse como anexo V) procédese á renovación dos membros da Comisión Permanente para o curso académico 2011-2012.

A Xunta de Escola acorda incluír a Don Enrique Porto Arceo como suplente de Dona Carmen Pérez Pérez na candidatura presentada polo SECTOR PDI 2º CICLO intensificación: MATERIAIS.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a nova composición da Comisión Permanente para o curso 2011-2012, e que queda constituída polos seguintes membros:

SECTOR PDI GRAO

TITULARES	SUPLENTES
<i>Dona María Araújo Fernández</i>	<i>Dona Natalia Caparrini Marín</i>
<i>Dona Ángeles Saavedra González</i>	<i>Don Alfonso Mandado Vázquez</i>

SECTOR PDI 2º CICLO intensificación: MATERIALES

TITULARES	SUPLENTES
<i>Dona Carmen Pérez Pérez</i>	<i>Don Enrique Porto Arceo</i>

SECTOR PDI 2º CICLO intensificación: ENERXÍA

TITULARES	SUPLENTES
<i>Don Pablo Eguía Oller</i>	<i>Don Enrique Granada Álvarez</i>

SECTOR PDI 2º CICLO intensificación: AMBIENTAL E MINEIRA

TITULARES	SUPLENTES
<i>Don Fernando García Bastante</i>	<i>Don Leandro Alejano Monge</i>

SECTOR ALUMNOS:

TITULARES	SUPLENTES
<i>Don Alexandre Casal Echevarría</i>	<i>Don Diego Faro Malvar</i>
<i>Dona Uxía Castro Filgueira</i>	<i>Dona Gema Gómez Pérez</i>
<i>Dona Mariola Juncal Rosales</i>	<i>Don Marcos González Bello</i>
<i>Don Iván Veleiro Pinal</i>	<i>Don Jaime García Iglesias</i>

SECTOR PAS

TITULARES	SUPLENTES
<i>Dona M^a del Carmen Romo Pérez</i>	

9. Aprobación, se procede, de prácticas en empresa del MÁSTER.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a proposta elevada pola Comisión Académica do Máster Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio cultural Inmóbel sobre o recoñecemento de créditos por prácticas en empresas e que se achega a esta acta como anexo VI.

10. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, emitir informe favorable sobre a actividade docente dos seguintes profesores, nos períodos que se indican (As solicitudes presentadas se achegan como anexo VII a esta acta):

NOMBRE	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Dona Estrella Álvarez da Costa	Enxeñaría Química	Enxeñaría Química	2006 - 2010
Don Pedro Arias Sánchez	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	2006 - 2011
Dona Aida Badaoui Fernández	Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estructuras	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción	2006 - 2011
Don José Benito Bouza Rodríguez	Expresión Gráfica na Enxeñaría	Deseño na Enxeñaría	2006 - 2011
Dona Gloria Caballero González	Organización de Empresas	Organización de Empresas e Mercadotecnia	01-10-2006 / 01-10-2011
Dona Natalia Caparrini Marín	Prospección e Investigación Mineira	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	2005 - 2011
Don Stefano Chiussi	Física Aplicada	Física Aplicada	2005 - 2011
Dona Lucía Costas Pérez	Tecnoloxía Electrónica	Tecnoloxía Electrónica	01-01-2000 / 30-11-2011
Dona María Julia Cristóbal Ortega	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción	2006 - 2011
Don José Bienvenido Díez Ferrer	Estratigrafía	Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio	2006 - 2011
Don Andrés Elías Feijoo Lorenzo	Enxeñaría Eléctrica	Enxeñaría Eléctrica	2007 - 2011
Dona María Gloria Fiestras Janeiro	Estatística e Investigación Operativa	Estatística e Investigación Operativa	2007 - 2011
Don José Manuel García Vázquez	Organización de Empresas	Organización de Empresas e Mercadotecnia	2007 - 2011
Dona Elena B. Martín Ortega	Mecánica de Flúidos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos	2007 - 2011
Don Andrés Augusto Nogueiras Meléndez	Tecnoloxía Electrónica	Tecnoloxía Electrónica	22-11-2005 / 22-11-2010
Don Xosé Ramón Novoa Rodríguez	Enxeñaría Química	Enxeñaría Química	2007 - 2011
Dona María del Carmen Pérez Pérez	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción	2007 - 2011
Don Camilo Quintáns Graña	Tecnoloxía Electrónica	Tecnoloxía Electrónica	18-10-2000 / 18-10-2010
Dona Julia Serra Rodríguez	Física Aplicada	Física Aplicada	09-10-2006 / 09-10-2011
Don José Antonio Sueiro Domínguez	Enxeñaría Eléctrica	Enxeñaría Eléctrica	28-10-2006 / 28-10-2011
Don José Benito Vázquez Dorrío	Física Aplicada	Física Aplicada	01-10-2006 / 30-09-2011
Don Fernando Antonio Vázquez Núñez	Enxeñaría de Sistemas e Automática	Enxeñaría de Sistemas e Automática	2006 - 2011
Don Manuel Vázquez Vázquez	Máquinas e Motores Térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos	22-11-2006 / 21-11-2011
Don Javier Vijande López	Física Aplicada	Física Aplicada	2006 - 2011

11. Rolda aberta de intervencións.

Antonio Correa intervén como portavoz de José María Correa indicando se se pode fixar o día de celebración de Santa Bárbara para evitar que finalmente o centro este pechado un día e logo se perda outro día a maiores polas celebracións. Por outra banda pregunta se segue vixente o acordo adoptado en Xunta de Escola de que os profesores borren o encerado ao rematar as súas clases.

Pedro Arias comenta que a data da festividade da patroa a fixa cada ano a Xunta de Escola polo que invita a tratar ese tema cando corresponda fixar dita data. Traslada o pedimento á representación da delegación presente na Xunta de Escola neste momento.

En relación á segunda pregunta, o Director comenta que non existe ningún acordo de Xunta de Escola relativo ao tema do borrado dos encerados. O que si se fai é unha recomendación ao profesorado para que limpe o encerado cando termine. Interven os alumnos comentando que, as veces, se quedan copiando o encerado cando o profesor se vai, polo que se lles prega aos alumnos que de ser ese o caso colaboren limpándoo eles mesmos.

Solicítase a instalación de enchufes na biblioteca para os portátiles. Respóntase que non é competencia da Dirección, polo que se trasladará este pedimento á administradora de centro.

Desde a Delegación de alumnos se indica que na festa de Santa Bárbara, na carreira participaron 48 corredores e que na romería popular unhas 200 persoas. Non se puideron celebrar os habituais partidos de fútbol xa que non se dispoñía das instalacións. Tamén informan de que ata o día 23 de decembro recollerase no local da delegación de alumnos as contribucións que se queiran realizar para o banco de alimentos do Berbés.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 43 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, vinte e dous de decembro de dous mil once.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 22/12/2011

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 22/12/2011

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 22/12/2011

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Araújo Fernández, María
4.	Bajo Palacio, Ignacio
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Carrillo González, Camilo José
7.	Correa Otero, Antonio
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Rodríguez, Elena
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
13.	Orche García, Enrique
14.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
15.	Porto Arceo, Enrique
16.	Saavedra González, Ángeles
17.	Taboada Castro, Javier
18.	Vázquez Dorrió, José Benito
19.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	Fernández Rodríguez, David
6.	Gómez Pérez, Gema
7.	González Bello, Marcos
8.	Juncal Rosales, Mariola
9.	López Pereira, Alejandro
10.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
11.	Puga Alonso, Javier
12.	Sánchez Pereira, Lucía
13.	Veleiro Pinal, Iván
14.	Vidal Fontenla, Alejandro
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	47
Asistentes	34

Escusan a súa asistencia:

- Elena Alonso Prieto
- Lino Álvarez Vázquez
- José María Correa Otero

ANEXO III

Memoria do Plan de Acción Titorial

ANEXO IV

Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas

ANEXO V

Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente

ANEXO VI

**Proposta elevada pola Comisión Académica do Máster
Universitario en Tecnoloxías para a Protección do
Patrimonio cultural Inmóbel sobre o recoñecemento de
créditos por prácticas en empresas**

ANEXO VII

Solicitudes de informe de actividade docente